



Estimados compañeiros e compañeiras:

Lamentamos non ter sido máis dilixentes, pero enfrontamos unha situación que é descoñecida para todos, porque a todos nos afecta, ou nos pode afectar, no noso máis prezado ben... a nosa saúde, e a dos nosos.

Non quixemos saír “ao louco” a comunicar calquera cousa, porque o volume de comunicados, guías, protocolos, medidas excepcionais, etc., está a custarles “desbrozalo”, incluso, aos xurídicos para canto máis a nos, técnicos, e non quixemos dicirvos nada do que nos poderamos ter que contradicir.

Sabemos que outros puideron ser máis rápidos, pero nos quixemos ser rigorosos, e aínda así podemos estar errados, pola velocidade coa que se precipitan os acontecementos.

Como xa sabedes, é a segunda vez que no Estado Español, polo Goberno do Estado, se declara o “estado de alarma”, pero a anterior, ocasionada por unha folga de controladores aéreos non chegou a afectar, nin de lonxe, como esta, en maior, ou menor medida, a toda a poboación.

Así pois, dende a publicación no BOE nº 67, de sábado 14 de marzo de 2020, do “Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19”, nos atopamos en “estado de alarma” con importantes implicacións, para todos, de carácter tanto persoal, como laboral, de mobilidade, etc..

O ámbito de aplicación do “**estado de alarma**” é en todo o territorio nacional, e a duración da presente situación, en principio foi de 15 días naturais. Pero foi prorrogado polo Congreso dos deputados, o 25 de marzo, con final a las 00:00 do 12 de abril.

Como xa dixen anteriormente, o RD 463/2020, e a profusa normativa á que está dando lugar, ten moitas implicacións a tódolos niveis, persoal, laboral, profesional, de ocio, etc., moitas das cales xa son de sobra coñecidos pola prensa, televisión, radio e RRSS, polo que nos centraremos só no que máis nos afecta no noso desempeño laboral/profesional.

Artigo 7. Limitación da liberdade de circulación das persoas.

Durante a vixencia do estado de alarma, as persoas unicamente poderán circular polas vías de uso público para a realización das seguintes actividades:

- a) Adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos e de primeira necesidade.
- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Desprazamento ao lugar de traballo para efectuar a súa prestación laboral, profesional o empresarial.**
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual.**



- e) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerábeis.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza que haberá de facerse individualmente, salvo que se acompañe a persoas con discapacidade ou por outra causa xustificada.

Igualmente, permitirase a circulación de vehículos particulares polas vías de uso público para a realización das actividades referidas no apartado anterior ou para o reabastecemento en gasolinerías ou estacións de servizo.

En todo caso, en calquera desprazamento deberán respectarse as recomendacións e obrigas ditadas polas autoridades sanitarias.

Artigo 9. Medidas de contención no ámbito educativo e da formación.

Queda suspendida a actividade educativa presencial en tódolos centros e etapas..., incluído o ensino universitario, así como calquera outras actividades educativas ou de formación impartidas noutros centros públicos ou privados.

Poderanse manter estas actividades ao través das modalidades a distancia e “on line”, sempre que resulte posible.

Artigo 10. Medidas de contención no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostalería e restauración, e outras adicionais.

Se suspende a apertura ao público dos locais e establecementos minoristas, a excepción dos establecementos minoristas de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, médicos, ópticas e produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, perruquerías, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico ou correspondencia, tinturerías e lavanderías. **Suspéndese calquera outra actividade que a xuízo da autoridade competente poda supor un risco de contaxio.**

Disposición adicional terceira. Suspensión de prazos administrativos.

Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O computo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o presente RD ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Sendo de aplicación para todo o sector público definido na Ley39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das AA.PP..



Disposición adicional cuarta. Suspensión de prazos de prescripción e caducidade.

Os prazos de prescripción e caducidade de calquera accións e dereitos quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.

De todo o anterior pódese deducir que **o noso desempeño profesional pode continuar aínda que suxeito a evidentes limitacións.**

Cando a actividade se realiza por conta allea corresponde á empresa, administración pública, centro educativo, etc., adoptar tódalas medidas necesarias para compatibilizar a súa actividade, coas medidas oportunas para acadar os fins perseguidos co RD 463/2020, en definitiva protexer a saúde tanto dos traballadores, como dos usuarios dos seus servizos ou clientes, minimizando ao máximo as posibilidades de dispersión da enfermidade, reducindo ao máximo as interaccións persoais directas, e estas, de ser o caso, faranse con tódalas garantías que a autoridade sanitaria impoña.

Cando a actividade se realiza de xeito autónomo, ou por conta propia, segundo dispón o artigo 7, tamén **é posible acudir “á oficina” e o regreso ao domicilio.**

Ao tempo que segundo o artigo 10, non se me ocorre ningún caso no que a nosa actividade profesional entre dentro das excepcións a esta norma, e polo tanto **debería suspenderse a apertura ao público das vosas oficinas**, e a relación cos nosos clientes, ou promotores, terá que ser mediante outras fórmulas como o teletraballo. De existir esa excepción, que pode requirir xustificación pola autoridade, haberán de adoptarse todas as medidas de protección persoal dispostas pola normativa.

Na norma non se atopa referencia ningunha ao traballo de campo, nin que actividades concretas teñen carácter esencial, neste contexto, pero si observamos que o obxectivo do RD é impedir a deambulación descontrolada para evitar a propagación da enfermidade, a prudencia aconsella dicir que se non está explicitamente prohibido, está absolutamente desaconsellado e no caso de ter que concorrer con outras persoas se podería asimilar á “apertura ao público das nosas oficinas”.

Por outra parte, estando **suspendidos os prazos administrativos e os de prescripción e caducidade**, a nosa recomendación é a de **“QUEDAR NA CASA”** na medida do posible.

En canto ao funcionamento do Colexio, levamos un tempo arrastrando problemas de sobrecarga e de mal funcionamento de ferramentas que dependen de terceiros e que estamos a traballar para poñer definitivamente a punto, pero aínda non o están.

DELEGACIÓN



Tamén estabamos a punto de facer definitivamente o traslado á nova sede, pero ante esta conxuntura queda posposto, en principio, mentres dure a situación excepcional. Tampouco se trata de “algo esencial”, por mal que nos veña.

Así pois, seguimos atendendo nas nosas sedes actuais, que “continúan abertas”, aínda que non ao público, e que estamos tratando de dotar de elementos de teletraballo.

Polo momento, establécese un horario continuo, lixeiramente reducido, nas dúas sedes (AC e PO), de 08:30 a 14:30.

O servizo prestado será o de sempre agás a atención ao público, como sempre se entendeu.

Si, excepcionalmente, alguén (colexiado ou público en xeral) se achega a calquera das sedes, non se lle permitirá o acceso ao local, e se lle indicarán as posibilidades que por vías non presenciais ten ao seu alcance en atención ás súas necesidades. Tódolos trámites que se podan realizar por vía telemática (web, correo-e, teléfono, etc.) deberán facerse dese xeito.

En canto ao visado, recomendamos o uso do sistema de visado electrónico, pero si alguén ten problemas para o seu uso, por calquera motivo, e precisa dun visado físico, en papel, pode recorrer ao envío e devolución por mensaxería.

Neste caso, a recepción/entrega dos bultos farase do xeito máis “seguro” posible sen contacto físico entre quen entrega e quen recibe, por exemplo depositando os bultos no chan, e extremando as medidas hixiénicas no momento da sinatura da recepción, e a desembalaxe dos bultos.

Noutro orde de cousas, ao través da nosa organización colexial nacional (CGCOITAE), e outras organizacións supracolexiais ás que pertencemos, tentaremos propor a o Goberno, e ás respectivas administracións a adopción de medidas que vos axuden a sobrelevar as evidentes consecuencias que está situación vai ter.

A Xunta de Goberno, a fin de semana pasada, telematicamente, cun intenso intercambio de opinións, acordamos:

- **Para o segundo trimestre, facer unha emisión reducida dos recibos trimestrais. Non se pasará ao cobro a cota trimestral ordinaria do 2º trimestre (en principio, suspéndese), porén si se pasará ao cobro a cota de 6€ do Consello Xeral (cóbrase a trimestre vencido) e os dereitos de visado xerados durante o primeiro trimestre, por aqueles que así tedes establecida a forma de pagamento.**
- Tamén, **vos lembramos que**, desde a semana pasada, ao principio do “estado de alarma”, o **Colexio**, pode e, **esta a emitir “xustificacións de desprazamento”**, a quen o solicite polo formulario web (certificados), fax ou correo-e. Estas xustificacións **son para a realización de traballos de**



urxente necesidade, sendo o interesado o que, no seu momento terá que xustificar que se trata dun traballo que non se pode pospoñer, e tendo sempre en conta, ademais, todas as prevencións legais en canto a desprazamentos, seguridade e hixiene.

Estas medidas, aparte de redobrar os nosos esforzos en mantervos informados, para o que xa estamos a tomar medidas (restitución da lista de avisos, maior actualización da nosa web, etc., mellorar a nosa oferta formativa “on line” e tentar seguir servíndoos polo menos coma sempre... e o que, de momento, vos podemos ofrecer como mostra do noso apoio nestes momentos que esperamos non tarden en pasar

Quedamos á vosa disposición, para que nos fagades chegar calquera suxestión que en sintonía co anterior, podamos facer chegar a esas organizacións, ou incluso medidas que nos mesmos, como Colexio, podamos valorar, e chegado o caso adoptar.

Sobre todo... saúde, traballo e sorte.

A Coruña, 26 de marzo de 2020.



A XUNTA DE GOBERNO DO COITAAC.

NOTA:

Xunto a este escrito faremos públicos varios documentos, notas informativas, informes, etc., recopilados nas últimas datas, que pola rapidez coa que se suceden os acontecementos igual deixan desfasados a algún anterior. É a nosa modesta achega nestes tempos convulsos.

Con relación á suspensión das cotas colexiais do 2º semestre, se alguén considera que aínda pode seguir colaborando economicamente co Colexio, pode transferir os 30€ á conta que se vos indicará si así o facedes.

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportais da ferrería nº. 4, 2º D * Tfno. e fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.